

Venres, 12 de xullo de 2019

Núm. 133

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ACORDO RELATIVO Á DETERMINACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE

ANUNCIO

A efectos de coñecemento xeral, efectúase a publicación do acordo adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de A Estrada o 21 de xuño de 2019, relativo á dedicación parcial do cargo de 3ª Tenente de Alcalde:

“Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata a continuación.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Visto que o artigo 75.2 da Lei 7/1985 establece que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, e nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e as retribucións das mesmas deberase conter o réxime dedicación mínima necesaria para a percepción das retribucións.

Visto o informe da Sra. Interventora municipal de 18/06/2019, emitido con carácter favorable.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: N1DJ66R4TK38ICW1



Venres, 12 de xullo de 2019

Núm. 133

ACORDAMOS:

Primeiro.—Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo Concello da Estrada de Terceira Tenente de Alcalde e delegada das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación.

Segundo.—O réxime de dedicación mínima será do 75% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.—Establécese a contía a percibir en 30.000 euros brutos anuais.

Cuarto.—Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.—Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que a concelleira en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptárase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.”

A ALCALDE,

(documento asinado electronicamente á marxe)